



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES, A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE MEMORIA DEMOCRÁTICA EN GALICIA 2025.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para levar a cabo as tarefas do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*A Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de interese público realizar accións conxuntas para actuacións de memoria democrática en Galicia en 2025.*

#### **PROGRAMA EXPOSITIVO**

*As actuacións de Memoria Democrática en Galicia no exercicio 2025, obxecto deste convenio, integra tres liñas estratéxicas fundamentais distribuídos para a atención dos seguintes fins:*

- Localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura (Liña 1).
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos, e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos (Liñas 2 e 3).

Por parte da USC, a través do Grupo Histagra, que ten como IP ao Catedrático de Historia Lourenzo Fernández Prieto, coordinarase un equipo de investigación que



desenvolverá os traballos en varias fases, definidas polas seguintes actuacións:

- Actualización dos datos sobre fosas, documentación e localización.
- Mantemento e actualización do portal <http://fosas.nomesevoces.net/> onde se amosan os contactos para as familias e asociacións, así como o traballo do equipo proposto.
- Coordinación de traballos de exhumación e atención a familiares e asociacións para a recollida de datos, documentos e mostras forenses.
- Investigacións preliminares e informe final: Documentación, coñecemento, entrevistas, arquivos
- Intervención arqueolóxica das fosas designadas para exhumar.
- Investigación forense dos restos humanos a través do IMELGA.
- Análise xenético dos restos a través do Instituto "Luís Concheiro" de Ciencias Forenses USC.

Liñas e espazos de actuación do Plan de Memoria Democrática 2025 en Galicia:

**1.- Fosa de Luou (Teo).** Trátase dunha fosa de 1948 con 4 persoas enterradas. A tipoloxía da fosa é: resistencia Antifranquista.

- Fase I: Exhumación: 20.750.28 €
- Fase II: Divulgación: 780 €
- Custes directos: 21.530.28 €
- Custes indirectos: 3.444.84 e
- **Total fosa de Luou: 24.975.12 €**

**2.- Fosa de Asados (Rianxo).** Trátase de realizar a exhumación da fosa situada no cemiterio de asados (Rianxo) onde estarían os corpos de dúas persoas.

- Fase I: Exhumación: 25.361 €
- Fase II: Divulgación: 600 €
- Fase III: Memorialización: 2.500 €



- Custes directos: 28.461 €
- Custes indirectos: 4.553,76 €
- **Total fosa de Asados: 33.014,76 €**

**3.- Fosa de Narón/Catabois.** Trátase de realizar as análises antropolóxico-forenses e xenéticas a un dos restos da fosa de Santa María a Real de Narón, que están depositados nun nicho do cemiterio de Catabois. Esta persoa, é unha das 51 enterradas na fosa que foi exhumada clandestinamente en 1945 e trasladada a outro lugar.

- Fase I: Exhumación: 5.460 €
- Fase II: Divulgación: 500 €
- Custes directos: 5.960 €
- Custes indirectos: 953,60 €
- **Total fosa de Narón/Catabois: 6.913,60 €**

**4.- Fosa de Viana do Bolo.** Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria dunha persoa torturada e asasinada polos golpistas en agosto de 1936, na curva das Revendeitas. Posteriormente sería inhumada no cemiterio mais próximo, no Castro, na parroquia de Pexeiros.

- Fase II: Divulgación: 200 €
- Fase III: Memorialización: 1.574 €
- Custes directos: 1.774 €
- Custes indirectos: 283,84 €
- **Total fosa de Viana do Bolo: 2.057,84 €**

**5.- Fosa de A Capela.** Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio da Capela para localizar e



identificar os restos das vítimas da violencia do golpe de Estado, da retagarda e da guerra civil de 1936. Hai constancia de que alí foron enterrados en agosto de 1936, varias persoas.

- Fase II: Divulgación: 200 €
- Fase III: Memorialización: 1.000 €
- Custes directos: 1.200 €
- Custes indirectos: 192 €
- **Total fosa de A Capela: 1.392 €**

**6.- Fosa de San Pedro de Filgueira (Crecente).** Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio de San Pedro de Filgueira (Crecente) onde foi enterrada unha persoa, asasinada na ponte de Castrelo de Miño o 25 de novembro de 1936.

- Fase II: Divulgación: 200 €
- Fase III: Memorialización: 3.000 €
- Custes directos: 3.200 €
- Custes indirectos: 512 €
- **Total fosa de San Pedro de Filgueira: 3.712 €**

**7.- Fosa de Lousame.** Trátase de memorializar o espazo onde estaba a fosa exhumada polo equipo do Plan de Memoria no cemiterio de Santa Eulalia de Vilacoba (Lousame), onde foron enterradas cinco persoas.

- Fase III: Memorialización: 3.000 €
- Custes directos: 3.000 €
- Custes indirectos: 480 €



- **Total fosa de Lousame: 3.480 €**

**8.- Fosa de Ribeiras de Sor.** Trátase de realizar a primeira fase do estudo da fosa de Ribeiras de Sor (Mañón), onde están enterradas 7 persoas.

- Fase I: Exhumación: 2.220,65 € (2025) + 111.23 (2024). Historia: 2.236 €
- Custes directos: 2.331.88 €.
- Custes indirectos: 373.10€
- **Total fosa de Ribeiras de Sor: 2.704.98**

As tarefas detalladas cos seus importes son as comunicadas ao Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática. No caso de que por motivos alleos sexa imposible realizar as actuacións previstas ou os importes dalgunha sufrira variación, o Grupo Histagra comunicará esta circunstancia á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e, no seu caso, propoñerá as novas actuacións a realizar. A Xunta de Galicia analizará a proposta do Grupo Histagra e, no caso de considerala axeitada, solicitará ao Ministerio o cambio das actuacións a realizar. No caso de que o Ministerio autorice dito cambio, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, resolverá o cambio de actuacións aprobadas dende o Ministerio.

Dada a especificidade e exclusividade das actuacións a realizar non é posible promover a concorrência, polas especiais características das actividades e da entidade coa que se convenia, posto que o grupo Histagra, dependente da USC, é o único titular da investigación "nomes e voces", punto de partida para a realización dos traballos de investigación obxecto deste convenio, foi o encargado de realizar en 2021, 2022, 2023 e 2024 as actuacións dentro do Plan Cuadrienal de Memoria Democrática 2021-2024 e ten a súa disposición os medios do IMELGA para a investigación da parte forense.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

